



Miguel Ángel Delgado González
Rúa Juan Castro Mosquera, nº 28, 2º
Dcha
15005 A Coruña
prensa@xornalgalicia.com

ASUNTO: Comunicación de traslado da Resolución da Comisión de Transparencia de 03/02/2020 (expediente RSCTG 159/2019) a Secretaría Xeral de Emprego por ser da súa competencia

Con data o 6 de febreiro de 2020 tivo entrada, no rexistro da Secretaría Xeral da Presidencia, a Resolución da Comisión de Transparencia de Galicia do recurso presentado por vostede, en representación da Plataforma en Defensa do Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA), contra a Resolución da Secretaría Xeral de Emprego de data 31/10/2019.

A Resolución acorda instar á Secretaría Xeral da Presidencia e á Secretaría Xeral de Emprego a retrotraer as actuacións levadas a cabo na tramitación do expediente de acceso a información pública tramitado e a ditar unha resolución de acceso á información solicitada.

En aplicación do previsto no artigo 19.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, tendo en conta que esta Secretaría Xeral da Presidencia non tivo en ningún momento, nin ten, ningunha relación nin información sobre a Asociación Profesional de Letrados da Xunta de Galicia, obxecto da solicitude, cómpre remitir a Resolución á Secretaría Xeral de Emprego, por considerar que se trata dun asunto da súa competencia, o que se lle comunica para a súa constancia e aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela

O secretario xeral da Presidencia

Álvaro Pérez López

